

## INFORME

### SOBRE A MALA XESTIÓN DA REDE NATURA 2000 EN GALICIA

- A Rede Natura 2000 existente, o 12% do territorio, adolece dun grave problema que compromete o seu valor e existencia para o futuro: a fragmentación.
- A rede Natura 2000 podería proporcionar servizos ecosistémicos por valor duns 200–300 mil millóns de euros ó año.

**Mércores, 2 de abril.** A Asociación ecoloxista A Groba expón algúns motivos polos que consideran “nefasta” a proposta de xestión da Rede Natura 2000 por parte da Consellería de Infraestruturas e Medio Ambiente do goberno galego.

“A superficie de Galicia incluída na Rede Natura 2000 é moi pequena se a comparamos coa media de España e de Europa. Isto contrasta coa alta calidade da paisaxe desta Comunidade, coa diversidade de hábitats e a súa vulnerabilidade (espazos de humedais, fluviais, mariños...) Estamos a perde outra oportunidade para xestionar a riqueza ambiental e natural.

Este déficit soamente ten explicación pola escasa sensibilidade que o goberno da comunidade galega ten respecto o valor integral do territorio e a súa ignorancia absoluta sobre posibles e mellores mecanismos de xestión sostible da riqueza natural de Galicia. Son moitas as zonas en Europa que fan un uso do solo ordeado, con criterios sostibles que combinan a conservación da natureza e prosperidade co reparto desa riqueza no entorno local (postos de traballo e actividade económica en entornos de calidade ambiental)

Datos sobre a Rede Natura 2000 en España:

Total España: 27,2% da superficie terrestre do país.

Total GALICIA: 12% da superficie terrestre da Comunidade

Total Europa: 18 % da superficie terrestre da UE

Recentemente coñecemos a intención da Xunta de Galicia de non ampliar a Rede Natura en Galicia. Estamos a perder unha oportunidade de ouro para mellorar a xestión do territorio galego. A falta de decisión de hoxe pagarase mañá. A Rede Natura 2000 existente, ese 12% do territorio, adolece dun grave problema que compromete o seu valor e existencia para o futuro: a fragmentación.

Moitos espazos Natura 2000 fluviais e mariños son fragmentos lineais, aillados e que

non están interconectados. A conexión de hábitat é un elemento prioritario para garantir a dinámica natura e o futuro dos sistemas naturais. A fragmentación dos ecosistemas ou dos hábitats é un dos procesos máis graves de perda de diversidade biolóxica según a perspectiva da OCDE para 2030. A subdivisión de ecosistemas e hábitats en fragmentos máis pequenos deriva nunha perda de funcionalidade e restalle potencialidade de futuro á superficie que xa existe baixo formas de protección.

Por exemplo, A Fox do río Miñor. So está incluída na Rede Natura a metade da marsima, dende a ponte da Ramallosa ata o mar; pero a outra metade non está protexida. ¿Pódese xestionar así un humedal de interese comunitario? Sen que exista unha xestión integral da conca non se alcanza a sustentabilidade nin a conservación dos hábitats. Isto é outra mostra máis da pouca atención e pouca claridade de obxectivos da política ambiental da Xunta. O mapa que os Espazos Natura 2000 da Consellería mostra espazos da área litoral, humedais e corredores fluviais desconectados completamente.

Son moitos os exemplos que indican que a política ambiental desta Consellería só aspira a cumprir coas esixencias europeas na forma, en mínimos ou na letra, pero non no espírito nin en consoancia cos obxectivos e fins. Presenta un plan porque hai que presentalo pero, sen visión integral da xestión que a UE promove e sen atención os obxectivos que a UE ten para o territorio.

Os plans de xestión da Rede Natura 2000 son outro exemplo: o feito de que nas directrices de ordenación do territorio e o resto dos instrumentos legais que saen desta consellería non convexan seno en reducir restriccións, favorecer que se poida facer sempre co solo, o que decida o goberno en cada momento, amosando sempre unha falta de visión integral do territorio, é a proba da ignorancia absoluta sobre o que é un xestión sostible do solo. Desprecia o que se ignora e descoñece.

Unha boa xestión dos recursos é aquela que estuda e defende as boas prácticas económicas que aproveitan o entorno concreto e sen deterioralo para o futuro. Non soamente hai riqueza en actividades económicas que comprometen hábitats de interese como minas, eólicos ou piscifactorías na Rede Natura, son posibles outras actividades que xeneran prosperidade e traballo no entorno local e que se poden valorar en euros para a comunidade, e que son compatibles coa integridade dos hábitats e esas son as que hai que estudar e promover. Nas declaracións e textos que presentan as administracións, formulanse ideas nos preámbulos, para despois desprecialas e non aplicarlas nas políticas concretas que se deseñan.

Nas páxinas web do Ministerio e da Consellería, en diferentes textos e preámbulos recoñécense os beneficios da conservación da rede natura pero despois ¿por que non se legisla en consecuencia?

Se a Rede Natura 2000 proporciona beneficios avaliados a sociedade ¿por qué se teme a súa ampliación? ¿que é o que realmente se quere promover? ¿qué tipo de actividade económica, qué riqueza e para quen?

Diferentes estudos amosan que a rede natura 2000 produce beneficios para a sociedade ¿por que en Galicia non o vemos?

Para ilustrar queremos amosar algúns exemplos de diversos estudos que indican que os beneficios superan sobradamente os custes asociados á xestión da rede.

- En Escocia, tense calculado que a nivel nacional os beneficios que se obteñen da rede natura supera sete veces os custes.
- En Francia fixéronse varios estudos para determinar as vantaxes asociadas a Natura 2000 nunha serie de lugares. O obxectivo da avaliación é estimar os beneficios netos vinculados á xestión da rede natura 2000. No lugar Natura 2000 "Plaine de la Crau", os beneficios netos estimanse arredor de 142€/ha/ano, é dicir, sete veces superiores os costes asociados o lugar.
- En 2009 fíxose en Finlandia unha avaliación nacional do impacto económico do ecoturismo e as actividades de ocio asociadas a natureza sobre as distintas economías locais. Os ingresos totais anuais asociados os gastos dos visitantes nos parques nacionais (moitos deles pertencentes a rede Natura 2000) alcanzan uns 70 mil millóns de euros e xeran emprego local para 893 persoas/año. En xeral, estimase que 1€ de inversión pública nas zonas protexidas, xera como contrapartida uns 20€ de beneficio.

Estímase que se necesitarán como mínimo 5,8 mil millóns de euros ó ano para xestionar de xeito eficiente a rede Natura 2000. Trátase, sen dúbida, dunha cantidade importante, pero investir en Natura 2000 xera grandes retornos, xa que se estima que Natura 2000 proporciona servizos ecosistémicos por valor duns 200–300 mil millóns de euros ó ano.

¿Por qué non se consideran estos beneficios? ¿A dónde nos lleva esta política ambiental miope da Consellería? ¿Cantos euros perde a nosa sociedade con ella?

A rede Natura 2000 proporciona múltiples beneficios á sociedade en forma de bens e servizos que teñen un gran valor". Desempeña un papel crucial na protección da biodiversidade de Europa, os lugares Natura 2000 proporcionan unha ampla gama de beneficios e servizos ambientais para a sociedade. Contribúen á depuración do auga, o almacenamento de carbono e a protección contra as inundacións e a erosión. Albergan poboacións de especies que son economicamente importantes, como insectos polinizadores, controladores de pragas, especies cinxéticas e variedades silvestres de cultivos".

Fontes:

Información e datos sobre os valores da Rede Natura obtidos do Texto da páxina do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente sobre os beneficios da Rede Natura 2000 [http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/Beneficios\\_RN.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/Beneficios_RN.aspx)

[http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/Beneficios\\_RN.aspx](http://www.magrama.gob.es/es/biodiversidad/temas/espacios-protegidos/red-natura-2000/Beneficios_RN.aspx)

Xornadas sobre Red Natura 2000 en el CEIDA, 2013: Ponencia de Araceli Gozalo Delgado. Subdirección Xeneral de Medio Natural, do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente. Presenta como exemplo do interés económico da Rede Natura o dato de Janez Potočnik, Comisario de Medio Ambiente en "Beneficios económicos da Rede Natura 2000 ":